



Guía Docente				
Datos Identificativos				2020/21
Asignatura (*)	Lingua Inglesa 4	Código	613G03019	
Titulación				
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuatrimestre	Segundo	Obrigatoria	6
Idioma	Inglés			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Letras			
Coordinación	Nuñez Ponte, Carolina	Correo electrónico	c.nunez@udc.es	
Profesorado	Nuñez Ponte, Carolina	Correo electrónico	c.nunez@udc.es	
Web	www.udc.es			
Descrición xeral	Esta materia amplía a formación básica na descrición da lingua inglesa e a teoría e práctica do inglés. O obxectivo xeral é chegar ao nivel C1 de CEF.			
Plan de continxencia	<p>1. Modificacións nos contidos: Ningunha a non ser en caso de forza maior, no cal os contidos poderían reducirse e/ou adaptarse.</p> <p>2. Metodoloxías</p> <p>*Metodoloxías docentes que se manteñen: Sesión maxistral, seminario, obradoiro e traballo tutelado.</p> <p>*Metodoloxías docentes que se modifican: As clases impartiranse a través de audios e/ou vídeos gravados en Moodle e/ou Microsoft Teams. Crearei un foro de debate ou un chat para discutir os temas do curso e un canal para subir os vídeos. Os exercicios e proxectos escritos enviaranse por email e/ou Moodle.</p> <p>3. Mecanismos de atención personalizada ao alumnado: Email e/ou vídeo-tutorías en Teams.</p> <p>4. Modificacións na avaliación: Vid. abaixo.</p> <p>*Observacións de avaliación: A proba mixta e a proba de resposta breve realizaranse a través de Moodle. O exame oral terá lugar en Teams. Os exercicios e os vídeos recollerémolos como se indicou arriba.</p> <p>5. Modificacións da bibliografía ou webgrafía: Ningunha.</p>			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
Competencia lectora: comprender unha variedade de textos auténticos procedentes da prensa, obras de ficción, ensaios, materiais de promoción ou de publicidade.	A1	B3	C2
	A2	B4	C3
	A6	B5	C4
	A8	B6	C5
	A11	B7	C6
	A15	B8	C7
		B10	



Escritura: saber redactar varios tipos de textos, como cartas, artigos, ensaios, textos informativos, propostas, queixas, informes e recensións.	A4 A6 A9 A10 A11 A12	B1 B3 B4 B5 B6 B7 B8 B10	C2 C3 C4 C5 C6 C7
Comprensión auditiva: comprender distintos tipos de discurso auténtico; monólogos, avisos, programas de radio e televisión, relatorios, anécdotas, interaccións entre varios falantes á vez, entrevistas, debates	A2 A6 A10 A11	B8 B9 B10	C1 C2 C3 C7 C8
Competencias orais: saber desenvolverse oralmente con falantes nativos e non nativos; proporcionar información, expresar e xustificar opinións, realizar comentarios axeitados, expresar acordo e desacordo, comparar, describir e especular. En resumo, os alumnos deben ser capaces de levar a cabo a comunicación eficaz, e de responder plenamente aos estímulos orais.	A5 A6 A15 A21	B4 B5 B6 B8 B10	C2 C4 C5 C7 C8
Lingua e uso: posuír un vocabulario xeral amplo; coñecer frases e colocacións comúns, matices, verbos con partícula, modos de enlazar oracións; realizar transformacións gramaticais con soltura	A6 A8	B4 B5 B7 B8	C2 C4 C5 C6 C7 C8
Gramática: demostrar comprensión e dominio da gramática inglesa acorde con un nivel C1.	A6 A8	B3	

Contidos	
Temas	Subtemas
-ESCRIBIR	<p>Qué é o estilo de escritura MLA? Estilo e rexistro, linguaxe formal e informal, connotación e denotación, post-estruturalismo e oposición binaria, puntuación, parágrafo, conectores, o ensaio (ex. argumentativo e de investigación), título, introdución, (hipó)tesis vs. tema, corpo, conclusión, fontes de información (web e imprimidas), lista de obras citadas, citas no corpo do texto, plaxio, notas ao pé e ao final, etc.</p> <p>Ao longo do curso, aprenderedes a escribir textos diferentes tales como a carta de motivación, o CV profesional e o ensaio de tipo MLA. Este último será obxecto do exame final.</p>
-LER	<p>Qué é ler críticamente? Diferentes niveis de comprensión dun texto, gramática, vocabulario, estrutura, figuras retóricas, historia e trama, temas, caracterización, inferencia, dedución, análise, alcance e repercusión, significado e interpretación, conclusións, etc.</p> <p>Leremos e discutiremos sobre documentos diversos. Dous dos devanditos documentos formarán parte da comprensión lectora no exame final.</p>



-FALAR	<p>Cómo facer unha presentación oral, participar nun debate e comportarse nunha entrevista de traballo. Tipos de discursos; consellos para loitar contra o medo escénico; uso de pausas, entoación e ritmo na oralidade; linguaxe corporal; cohesión e coherencia; convencer e persuadir.</p> <p>Cada estudante deberá vir á clase preparada/o para responder oralmente o material de lectura asignado para ese día, así como para participar nos debates e resto de actividades.</p>
-ESCOITAR	<p>Os exercicios auditivos estarán relacionados coa gramática e o vocabulario vistos na clase. As/os estudantes tamén traballaredes con entrevistas de traballo e practicaredes para a proba audio-oral.</p> <p>En clase practicaredes a escoita da lingua inglesa. escoitar, á parte de ser necesario para a comprensión, tamén é un acto ético e espérase que o alumnado practique a ética.</p>
-GRAMÁTICA	<p>Repaso e consolidación tanto do uso das palabras como de estruturas gramaticais importantes.</p> <p>Conectores e outros elementos de cohesión textual. Tempos verbais: o seu uso correcto e consistente. Oracións subordinadas relativas (ex. con preposicións) e adverbais. O acordo e orde das palabras. Distinguir entre tipos de palabras e de frases: adxectivos vs. adverbios, conxuncións vs. preposicións e frases preposicionais vs. frases adverbais.</p>
-VOCABULARIO	<p>Expansión do vocabulario, con especial atención ás expresións idiomáticas, os falsos cognados, os verbos compostos e a linguaxe formal.</p> <p>Temas: atopar traballo e describir habilidades profesionais; debater sobre temas de actualidade tanto lingüísticos (ex. a linguaxe [non] sexista, o [non] uso dos marcadores de xénero) como sociais (emocións, xénero, sexualidade, diversidade e medio ambiente, entre outros).</p>

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A1 A5 A6 A10 A11 A15 A21 B1 C7 C8	25	25	50
Seminario	A8 A12 B4 B7	16	16	32
Traballos tutelados	B6 B9 C2 C3 C6	4	8	12
Presentación oral	B10 C1	0	5	5
Obradoiro	B5 B8 C4	16	15	31
Proba de resposta breve	A9 A10 C2	2	4	6
Proba mixta	A1 A2 A4 A9 B3 C5	2	10	12
Atención personalizada		2	0	2

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición



Sesión maxistral	Exposición oral complementada co uso de medios audiovisuais e a introdución de algunhas preguntas dirixidas aos estudantes, coa finalidade de transmitir coñecementos e facilitar a aprendizaxe. A clase maxistral é tamén coñecida como ?conferencia?, ?método expositivo? ou ?lección maxistral?. Esta última modalidade sóese reservar a un tipo especial de lección impartida por un profesor en ocasións especiais, cun contido que supón unha elaboración orixinal e baseada no uso case exclusivo da palabra como vía de transmisión da información á audiencia.
Seminario	Técnica de traballo en grupo que ten como finalidade o estudo intensivo dun tema. Caracterízase pola discusión, a participación, a elaboración de documentos e as conclusións ás que teñen que chegar todos os compoñentes do seminario.
Traballos tutelados	Metodoloxía deseñada para promover a aprendizaxe autónoma dos estudantes, baixo a tutela do profesor e en escenarios variados (académicos e profesionais). Está referida prioritariamente ao aprendizaxe do ?cómo facer as cousas?. Constitúe unha opción baseada na asunción polos estudantes da responsabilidade pola súa propia aprendizaxe. Este sistema de ensino baséase en dous elementos básicos: a aprendizaxe independente dos estudantes e o seguimento desa aprendizaxe polo profesor-titor.
Presentación oral	Intervención inherente aos procesos de ensino-aprendizaxe baseada na exposición verbal a través da que o alumnado e profesorado interactúan dun modo ordenado, propoñendo cuestións, facendo aclaracións e expoñendo temas, traballos, conceptos, feitos ou principios de forma dinámica.
Obradoiro	Modalidade formativa orientada á aplicación de aprendizaxes na que se poden combinar diversas metodoloxías/probas (exposicións, simulacións, debates, solución de problemas, prácticas guiadas, etc) a través da que o alumnado desenvolve tarefas eminentemente prácticas sobre un tema específico, co apoio e supervisión do profesorado.
Proba de resposta breve	Proba obxectiva dirixida a provocar o recordo dunha aprendizaxe presentada. Preséntase un enunciado en forma de pregunta para responder cunha frase específica, palabra, cifra ou símbolo.
Proba mixta	Proba que integra preguntas tipo de probas de ensaio e preguntas tipo de probas obxectivas. En canto a preguntas de ensaio, recolle preguntas abertas de desenvolvemento. Ademais, en canto preguntas obxectivas, pode combinar preguntas de resposta múltiple, de ordenación, de resposta breve, de discriminación, de completar e/ou de asociación.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados	Estamos a disposición dos/as estudantes nas horas de titoría e mediante cita previa.

Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Proba mixta	A1 A2 A4 A9 B3 C5	A proba incluírá as seguintes seccións: PRODUCCIÓN ESCRITA seguindo a metodoloxía explicada na materia (20%), COMPRENSIÓN LECTORA dos denominados textos do exame (15%) e PROBA AUDIO-ORAL consistente nunha entrevista de traballo (15%).	50
Presentación oral	B10 C1	Consiste en facer un vídeo-proxecto, entre 3 e 10 persoas, presentando un anuncio ou infomercial para vender un produto ou método. O alumnado non poderá ler de ningún tipo de notas e terá que preparar o guión, gravar o vídeo e colgalo. O resto das pautas serán explicadas ao seu debido tempo. Esta actividade non é obrigatoria.	10
Traballos tutelados	B6 B9 C2 C3 C6	-CARTA DE MOTIVACIÓN (10%) -CV PROFESIONAL (5%) As pautas para facer os traballos explicaranse en clase, en Moodle e nas titorías do despacho. As datas de entrega serán anunciadas por adiantado.	15



Proba de resposta breve	A9 A10 C2	Ao longo do cuadrimestre, faredes unha ou varias probas de resposta breve que avaliará/n a continuidade con que adquirides os coñecementos teóricos e a vosa capacidade para levalos á práctica. A/s data/s da/s devandita/s proba/s será/n anunciada/s ao comezo do cuadrimestre.	25
Outros			

Observacións avaliación

-Para aprobar esta materia, hai que sacar polo menos un 5 (sobre 10) EN CADA UN dos TRABALLOS TUTELADOS, a PROBA DE RESPONDA BREVE e os EXAMES e polo menos un 5 (sobre 10) na NOTA FINAL.-Para a oportunidade de XULLO, haberá traballos tutelados, proba de resposta breve e probas de exame obligatorias ao igual que en xuño (o vídeo-proxecto opcional tamén terá OS MESMOS REQUISITOS). Nesta ocasión, cada estudante deberá realizar a(s) sección(s) que non superase na primeira oportunidade.-O alumnado que se presente á convocatoria adiantada de decembro avaliarase segundo as normas especificadas para a oportunidade de xullo.-O estudiantado matriculado a tempo parcial e que teña concedida unha dispensa académica deberá porse en contacto co profesorado da materia a principio de curso e avaliarase segundo os criterios establecidos para a oportunidade de xullo.-Para NON obter a cualificación de "Non presentado", a/o estudante debe asistir ao exame (mesmo se é só para escribir o seu nome) OU facer polo menos a metade do traballo puntuable.-Para subir ata 0,5 a súa nota final, as/os alumnas/os poden facer un traballo voluntario que consistirá en participar nun concurso de talentos falando en inglés. Darase máis información na clase. Obviamente, a porcentaxe extra engadirase á nota final a condición de que esta sexa igual ou superior a 5. -Todos os traballos deberán ser entregados en tempo e forma para evitar así unha penalización do 25% sobre a nota obtida nos mesmos.-O profesorado pode usar o servizo de detección do plaxio ?Turnitin? para revisar o traballo do estudiantado. O plaxio en calquera actividade significará a cualificación de "cero" na mesma.-Se a coordinadora considérase conveniente, poderá haber temas de auto-estudo por parte do alumnado (ex. para ampliar coñecementos). Estes materiais, que non serán obxecto de avaliación, serán provistos en Moodle.

Fontes de información



Bibliografía básica	<p>Barnet, Sylvan, Pat Bellanca, and Marcia Stubbs. A Short Guide to College Writing. Harvard University Press, 2014.</p> <p>Burgess, Sally, and Amanda Thomas. Gold Advanced Coursebook. Pearson ELT, 2014.</p> <p>Collins COBUILD Advanced Dictionary of English. Collins ELT, 2012.</p> <p>Collins COBUILD Students? Dictionary plus Grammar (Book & CD). Collins ELT, 2005.</p> <p>Cunningham, Gillie, Jan Bell, and Theresa Clementson. Face2face Advanced. Student?s Book and DVD Rom. Cambridge University Press, 2013.</p> <p>Downes, Colm. Cambridge English for Job Hunting. Cambridge University Press, 2008.</p> <p>Edwards, Lynda, and Jacky Newbrook. Gold Advanced. Maximiser with Key. Pearson, 2014.</p> <p>Hewings, Martin. Advanced Grammar in Use: a Self-study Reference and Practice Book for Advanced Learners of English; with Answers and CD-ROM. Cambridge University Press, 2013.</p> <p>---. Cambridge Grammar for CAE and Proficiency with Answers and Audio CDs. Cambridge University Press, 2009.</p> <p>Hopkins, Diana, and Pauline Cullens. Cambridge Grammar for IELTS with Answers: a Self-study Grammar Reference and Practice. Cambridge University Press, 2007.</p> <p>Jones, Leo. New Cambridge Advanced English. Cambridge University Press, 2001.</p> <p>Mann, M. Destination C1 & C2: Grammar and Vocabulary. MacMillan, 2008.</p> <p>OED. Oxford English Dictionary. Oxford University Press, 2017, www.oed.com. Accessed 26 July 2019.</p> <p>Quirk, Randolph, et al. Comprehensive Grammar of the English Language. Longman, 1989.</p> <p>Swan, Michael. Practical English Usage. Oxford University Press, 1996.</p> <p>The Purdue OWL Family of Sites. The Writing Lab and OWL at Purdue and Purdue University, 2008, owl.purdue.edu/owl/research_and_citation/mla_style/mla_formatting_and_style_guide/mla_formatting_and_style_guide.html. Accessed 26 July 2019.</p> <p>Tims, Nicholas, et al. Face2face Advanced Workbook. Cambridge University Press, 2014.</p> <p>Vince, Michael. Advanced Language Practice: English Grammar and Vocabulary. Macmillan, 2009.</p> <p>Barnet, Sylvan, Pat Bellanca, and Marcia Stubbs. A Short Guide to College Writing. Harvard University Press, 2014.</p> <p>Burgess, Sally, and Amanda Thomas. Gold Advanced Coursebook. Pearson ELT, 2014.</p> <p>Collins COBUILD Advanced Dictionary of English. Collins ELT, 2012.</p> <p>Collins COBUILD Students? Dictionary plus Grammar (Book & CD). Collins ELT, 2005.</p> <p>Cunningham, Gillie, Jan Bell, and Theresa Clementson. Face2face Advanced. Student?s Book and DVD Rom. Cambridge University Press, 2013.</p> <p>Downes, Colm. Cambridge English for Job Hunting. Cambridge University Press, 2008.</p> <p>Edwards, Lynda, and Jacky Newbrook. Gold Advanced. Maximiser with Key. Pearson, 2014.</p> <p>Hewings, Martin. Advanced Grammar in Use: a Self-study Reference and Practice Book for Advanced Learners of English; with Answers and CD-ROM. Cambridge University Press, 2013.</p> <p>---. Cambridge Grammar for CAE and Proficiency with Answers and Audio CDs. Cambridge University Press, 2009.</p> <p>Hopkins, Diana, and Pauline Cullens. Cambridge Grammar for IELTS with Answers: a Self-study Grammar Reference and Practice. Cambridge University Press, 2007.</p> <p>Jones, Leo. New Cambridge Advanced English. Cambridge University Press, 2001.</p> <p>Mann, M. Destination C1 & C2: Grammar and Vocabulary. MacMillan, 2008.</p> <p>OED. Oxford English Dictionary. Oxford University Press, 2017, www.oed.com. Accessed 26 July 2019.</p> <p>Quirk, Randolph, et al. Comprehensive Grammar of the English Language. Longman, 1989.</p> <p>Swan, Michael. Practical English Usage. Oxford University Press, 1996.</p> <p>The Purdue OWL Family of Sites. The Writing Lab and OWL at Purdue and Purdue University, 2008, owl.purdue.edu/owl/research_and_citation/mla_style/mla_formatting_and_style_guide/mla_formatting_and_style_guide.html. Accessed 26 July 2019.</p> <p>Tims, Nicholas, et al. Face2face Advanced Workbook. Cambridge University Press, 2014.</p> <p>Vince, Michael. Advanced Language Practice: English Grammar and Vocabulary. Macmillan, 2009.</p>
Bibliografía complementaria	

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións



(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías